CAPA 29

Avaliación do patrimonio cultural nas áreas afectadas polos incendios forestais do ano 2006: Campo Lameiro e Cotobade

Yolanda Seoane-Veiga
Laboratorio de Patrimonio
Consejo Superior de Investigaciones Científicas

Primeira edición

Resumo

O presente texto correspóndese coa memoria técnica derivada dos traballos de avaliación dos danos provocados polos incendios forestais do ano 2006 sobre o patrimonio cultural nos concellos de Campo Lameiro e Cotobade (Pontevedra). Preséntanse as diferentes accións a desenvolver, a metodoloxía empregada e os resultados do proxecto. Acompáñase a información textual cun aparato gráfico para a súa axeitada comprensión: cartografía coa de delimitación das áreas afectadas polos incendios, xacementos, elementos etnográficos e áreas prospectadas (Anexo 1) e fichas individualizadas para cada xacemento (Anexo 2).

Abstract

The following text belongs to a technical report derived from the assessment works of several fires that took place in the forests of Campo Lameiro and Cotobade (Pontevedra) in 2006 and upon their cultural heritage. Some of the measures to be taken are presented here, as well as the methodology that was applied and the project results. There is a graphical part, along with the written information, as to acquire a better understanding: maps with the boundaries of the areas affected by the fires; archaeological sites; ethnographical elements; prospected areas (Appendix 1) and individualized files to each archaeological site (Appendix 2).

Palabras Chave

Avaliación patrimonial. Incendios Forestais. Prospección arqueolóxica superficial. Entidades arqueolóxicas. Arte Rupestre. Entidades etnográficas.. Medidas preventivas.

Keywords

Heritage Evaluation. Forest-fires. Archaeological survey. Archaeological entities. Rock Art. Ethnographic entities. Mitigation strategies.

INTRODUCIÓN

A revisión do patrimonio cultural (en especial o arqueolóxico) á que nos referimos neste traballo veu motivada pola necesidade, explicitada pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural (Consellería de Cultura e Deporte), de avaliar os danos ocasionados pola vaga de lumes forestais do verán de 2006 na zona do **Val Medio do Río Lérez** (Pontevedra), así como polas labores de extinción (gabias, devasas, accesos, etc.) desenvolvidas naquel momento.

En concreto, este proxecto corresponde aos concellos de Cotobade e Campo Lameiro, na zona central da área, unha das máis afectadas e tamén unha das máis ricas en canto a patrimonio arqueolóxico (especialmente arte rupestre). A área en cuestión ocupa unha superficie dunhas 7.000 hectáreas.

Os **obxectivos** do traballo, tal e como se recolle no documento emitido a tal efecto pola devandita Dirección Xeral, foron tres:

1º Coñecer o número de elementos do Patrimonio Cultural afectados polo lume ou polos traballos para a súa extinción (devasas, accesos, gabias, etc), así coma o grao de intensidade da afección.

2º Localizar e identificar novos elementos do patrimonio cultural nas áreas afectadas polos incendios forestais.

3º Establecer medidas de protección para evitar o avance das afeccións provocadas polos incendios así como para previr aquelas que puideran ser ocasionadas polos traballos de reforestación e revexetación que serán levados a cabo nun futuro inmediato nas zonas afectadas.

A área de estudo localízase nas terras prelitorais da provincia de Pontevedra (Figura 1), concretamente no conxunto de serras próximas á costa das Rías Baixas e que exercen de transición coas comarcas interiores. O relevo é en xeral abrupto, de altitudes absolutas non moi importantes (por debaixo de 600 m.s.n.m.) pero de fortes pendentes e certa escaseza de superficies chans.

O elemento fisiográfico máis determinante é, sen dúbida, o río Lérez, que cruza a zona a través de acentuados meandros e que desemboca na ría de Pontevedra. O río Lérez discorre notablemente encaixado, formando un profundo canón con escarpes laterais que superan, nalgún caso, os 100 metros de desnivel. De xeito semellante os pequenos regatos tributarios do Lérez péchanse en cursos igualmente encaixados, aínda que de menor entidade. Cara ao norte ábrese a zona de relevo máis suave, sobre a que se asenta a maior parte da poboación e núcleos habitados do concello de Campo Lameiro; esta zona aparece pechada por sucesivas liñas divisorias de auga, que a illan respecto doutras áreas vinculadas a unidades fisiográficas diferentes. Ao sur, porén, as pendentes a partir do Lérez son moito máis fortes, o que fai que as terras ocupadas se limiten a unha estreita banda localizada a media ladeira ou ben ás zonas superiores da liña de montes.

Copia gratuita. Personal free copy http://libros.csic.es